



ORDENANZA Nº 17:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS
TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE
RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE
INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS
RELATIVOS AO EXERCICIO DE CALQUERA
ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA SEN
LICENZA MUNICIPAL E OUTROS
PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS.**

—2019—



ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a prestación pola Administración Municipal dos seguintes servizos:

- a. Retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ó exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública, ou en dominio público municipal, sen licencia en concordancia co disposto no artigo 27 da “Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”.
- b. Retirada, transporte e custodia de elementos ou obxectos colocados na vía pública sen a correspondente autorización municipal.
- c. Servizos similares ós anteriores ordenados por resolución do Alcalde, Comisión de Goberno ou Pleno por causa de forza maior, orde pública, ruína, seguridade de persoas e bens e outros.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos destas taxas os vendedores e/ou responsables por calquera título dos elementos, instalacións e xéneros obxecto da retirada e custodia. En materia de responsabilidades aplicaranse ós artigos 12 a 16 da Ordenanza Fiscal Xeral.

ARTIGO 3.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA

A obriga de contribuír por esta taxa nace no momento en que os funcionarios municipais se fagan cargo das instalacións, elementos e xéneros para o seu transporte a un depósito municipal e posterior custodia.

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesa Ordenanza determinados servizos comprendidos no apartado b) do artigo 1º. desta Ordenanza cando a resolución do órgano competente que ordene a súa realización así o dispoña.

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado a) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

1.1 Por retirada e transporte	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo	11,95 €
- Por cada vehículo afecto ao servizo	23,25 €
1.2 Por custodia.	
- Cada día completo ou fracción por cada bolsa	3,25 €

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado b) e c) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

2.1 Por retirada e transporte	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo	11,95 €
- Por cada vehículo afecto ao servizo	23,25 €



2.2. Por custodia.

- Cada día completo ou fracción por cada metro cúbico 3,25 €

ARTIGO 6.- INGRESO

1. O ingreso das taxas reguladas nesta Ordenanza realizarase polo procedemento de autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará a Policía Local sendo indispensable o pagamento para a retirada dos elementos custodiados.

2. Os funcionarios responsables deste Servizo verificarán, antes da entrega dos bens custodiados a corrección da autoliquidación practicada, en particular, o número de días de duración da custodia sen contar sábados, domingos nin festivos.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

1. En materia de infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como respecto das sancións que procedan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. As sancións por infracción tributaria a que se refire o apartado anterior serán compatibles e independentes das que procedan de conformidade coa "Ordenanza reguladora da venda ambulante na vía pública e espazos abertos".

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro do 2013 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.: 27 DE DECEMBRO DE 1995
30 DE DECEMBRO DE 1999
26 DE DECEMBRO DE 2002
14 DE DECEMBRO DE 2010
21 DE DECEMBRO DE 2012